

## SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA INTERINAR (ART. 10.1.c DO EBEP) NOVE EMPREGOS DE PEÓNS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS, EMPREGOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

O Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con data 18 de setembro de 2013, ditou a seguinte resolución:

“Vista a proposta en relación co “Programa Piloto de reparación e asfaltado de vías da rede provincial: 1º fase”, o cal, se inxire no Plan de Conservación e Mantemento Integral da rede viaria provincial. O citado Plan de Mantemento necesita dun traballo continuado ao longo do tempo xa que, de non realizarse de maneira sistemática e continuada, as deficiencias se incrementan e, consecuentemente, o deterioro aumenta de xeito exponencial coas consecuencias de incrementar o custe de reparación e conservación, ademais de constituír un risco agravado para a circulación viaria e pode provocar reclamacións patrimoniais por incidentes e accidentes que se poidan producir.

Tradicionalmente as labores de conservación e mantemento da rede viaria provincial víñase realizando mediante a contratación con empresas dos ditos traballos e non con recursos propios.

Tendo en conta que o Servizo de Parque Móbil Provincial conta con tres equipos de maquinaria de rego asfáltico que poden realizar os traballos de reparación e rexeneración das devanditas vías provinciais, cos seus correspondentes operadores para o seu manexo (maquinistas), dentro dunha política da Entidade de busca da eficiencia e de redución de custes, resulta oportuno experimentar a posibilidade de que no sucesivo se realicen os ditos traballos con medios propios en vez de recorrer como ata agora a súa execución mediante empresas contratadas con esta finalidade.

Segundo o informe do Xefe do Parque Móbil, para asumir plenamente esta actividade, deben ser completados os equipos materiais e humanos dispoñibles (maquinaria e camións, cisternas de emulsión, camións gravilladores, apisonadoras, motoniveladoras, retroexcavadoras, palas de cadea e góndolas, cos seus correspondentes operadores e condutores) co persoal auxiliar (peóns), necesarios estes para desenvolver a totalidade das tarefas que cómpre realizar para a execución destes traballos (limpeza previa das fochancas, limpeza manual das beiravías, varrido manual previo e posterior da vía, distribución de áridos con ferramentas manuais, sinalización das obras, asistencia aos maquinistas, etc), persoal auxiliar co que non conta a Deputación no seu cadro de persoal e que resultan indispensables para poder executarse este tipo de labores de mantemento e conservación da rede viaria provincial, só pena de desatender ás necesidades de conservación das estradas.

Considerando que o “Programa Piloto de reparación e asfaltado de vías da rede provincial: 1ª fase”, tal como se desprende da súa denominación ten unha vocación experimental, cunha duración inicial dun ano, resulta adecuado que o persoal que se incorpore o faga con un vínculo temporal.

Nese sentido, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) introduciu, un cambio profundo e esencial coa redacción dada ao artigo 10.1 c) do seu texto legal que di:

“Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

c) a execución de programas de carácter temporal”.

O dito cambio supón que se poden realizar determinadas actividades e actuacións acudindo para o seu desempeño a persoal con vinculación non permanente, como neste caso, cando se trata de executar programas de carácter temporal, xa que o EBEP abre a posibilidade de que a función pública desenvolva programas, proxectos, servizos ou actividades que non teñen vocación de permanencia e son postos en marcha, ampliados, reducidos ou eliminados en función da situación existente, da decisión política do Goberno da Entidade e das dispoñibilidade económicas, pero sen hipotecar o futuro da institución nin mediatizar decisións análogas de futuro creando relacións permanentes para tarefas non permanentes.

Por outra parte o artigo 23.2 da lei 17/ 2012, de 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 esixe que se xustifique a necesidade urxencia e prioridade a efectos de incorporación de persoal temporal. Nese sentido a necesidade de incorporar nove efectivos como peóns de reparación de vías provinciais xustifícase en canto que, como queda dito, se carece de persoal desta categoría dentro dos efectivos que prestan servizos actualmente a esta Entidade; a urxencia ven xustificada polo feito de que as labores de conservación e mantemento que inclúe o programa deixan de ser prestadas por medios externos pero non poden por iso quedar desatendidas ou adiadas sen que repercuta na calidade do servizo; a prioridade deriva de que as actividades que contén a execución do citado programa son indispensables para acadar un adecuado estado conservación das vías provinciais o que repercutirá moi favorablemente na vida cotiá dos cidadáns dos concellos que conforman esta provincia, sendo ademais unha actuación que se incardina dentro das

competencias propias da Entidade provincial, segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta, que para poder materializar o devandito Programa Piloto, é necesario acudir á selección de nove peóns de reparación de vías provinciais, funcionarios interinos artigo. 10.1.c) do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos desta Excma. Deputación Provincial; e en uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

1º.- Convocar, polo sistema de concurso oposición, a provisión mediante funcionario/a interino/a (art. 10.1.c do EBEP) de novos empregos de peóns de reparación de vías provinciais nesta Deputación Provincial.

2º.- Aprobar as bases que rexerán o proceso selectivo de persoal funcionario interino (art. 10.1.c do EBEP), mediante o sistema de concurso oposición, para a provisión, non definitiva, de nove empregos de peóns de reparación de vías provinciais ao obxecto de que tales peóns integren os equipos de rego asfáltico de vías provinciais no ámbito temporal establecido no devandito Programa Piloto de reparación e asfaltado de vías da rede provincial, 1ª fase.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases, e os seus anexos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios desta Entidade e na súa páxina web ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

4º.- Ordenar a realización de cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o procedemento de selección ao obxecto de prover interinamente os nove empregos de peóns de reparación de vías provinciais.”

PAZO PROVINCIAL DE LUGO, 18 DE SETEMBRO DE 2013.- O SECRETARIO.- JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO.

### **BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS)**

#### **1.- CONVOCATORIA.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección á empregos temporais da Deputación Provincial de Lugo para o acceso:

1.1.- Á condición de funcionario interino nos supostos previstos no artigo 10 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

1.2.- Á condición de contratado laboral temporal, nos supostos previstos no artigo 11 do EBEP, mediante contrato de interinidade ou calquera outra modalidade contractual diferente á sinalada anteriormente, de acordo coa lexislación laboral.

As prazas/postos/empregos que se convocan así como as funcións a desempeñar se sinalan no Anexo I das presentes Bases.

O persoal seleccionado prestará servizos nas unidades que se indiquen no Anexo I das presentes bases, sen prexuízo de que por necesidades motivadas do servizo poidan prestalos en unidades diferentes da Deputación Provincial, conforme ás normas contidas no Regulamento de Acceso, Promoción e Provisión de Postos de Traballo da Deputación (BOP, 30-09-2006).

A convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

#### **2.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/2007, do 12 de abril do estatuto básico do empregado público (EBEP), agás o Capítulo II, do Título III, e no que resulten vixentes, a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RD lexislativo 781/1986, de 18 do abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia e o RD Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia. Serán tamén de aplicación o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción

profesional e promoción interna e o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do Estado.

#### **3.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Os/As aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superadas as

probas selectivas, antes de que se dite resolución de nomeamento, agás no suposto de compatibilidade de actividade, que é suficiente para acreditarla antes do inicio da relación de servizo.

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír o título académico esixido no anexo I das presentes bases.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Cumprir, no momento da toma de posesión ou na formalización do contrato, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión ou o contrato de traballo. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo á Deputación Provincial de Lugo, os/as aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

g) No caso da cota de discapacitados, ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

h) Ter ingresado na Tesourería da Deputación ou na conta bancaria 2091-0163-45-3110000423 de Caixa Galicia a cantidade fixada como taxa por participación en procedementos selectivos (base 5.2).

#### **4. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará na Unidade de Selección, Promoción e Carreira (Servizo de Recursos Humanos) e na páxina Web da Entidade ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de Correos.

O prazo de presentación será de 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 5.3.

Rematado o prazo de presentación de instancias o procederase á publicación da lista de admitidos no Taboleiro de edictos e na páxina web da Entidade, outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os excluídos aleguen o que consideren. Resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva no Taboleiro de Edictos e na páxina web da Entidade, ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamación ou se estas non foran suficientes para a súa consideración.

#### **5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

##### **5.1.- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

**5.2.- No caso de cota de discapacitados, presentarse a acreditación do grao de minusvalía igual ou superior al 33%.**

### 5.3.- TAXA POR PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.

A) Documentación acreditativa de ter aboada a taxa por participación en procesos selectivos na que deberá constar o DNI do aspirante e a praza/posto/emprego ao que se opta.

De acordo coa Ordenanza desta Deputación Provincial, publicada no B.O.P nº 202 de 1 de setembro de 2004, onde se establece a taxa por participación en procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial ou os seus Organismos Autónomos, para participar na presente convocatoria os aspirantes deberán facer o aboamento de 15 euros que ingresarán directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, Oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

Os/As aspirantes acompañarán á solicitude o documento acreditativo de ter feito ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes.

B) Certificación relativa á condición de desempregado/a para os efectos de redución da taxa por participación en procesos selectivos.

Os/As aspirantes que acrediten a condición de desempregados/as, e non perciban prestación de desemprego, gozarán dunha redución na taxa de participación en procedementos selectivos do 75%. En consecuencia, para acreditar esta situación e participar no procedemento selectivo que se convoca deberán:

- Aboar a cantidade de 3,75 euros en concepto de taxa por participación en procesos selectivos directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número C/C-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, Oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

- Presentar certificación da oficina do Servizo Público de Emprego que corresponda na que acredite a condición de ser desempregado/a e de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

C) Consecuencias do incumprimento do establecido nos apartados A e B anteriores.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento, substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

### 5.4.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS.

#### A) Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación ca praza/posto/función que se convocan, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou, nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden ca praza/posto/emprego.

- Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, másters, etc.

- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión dos méritos que se alegan.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Coa finalidade de que non se descoñezan méritos profesionais ou para acreditar servizos á Deputación ou ao extinto INLUDES, os/as aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite os ditos servizos. Esta instancia dirixirase ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao/á interesado/a.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

#### B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

Non acreditar os méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendar. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

## **6. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

### **6.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE:** O Xefe de Servizo de Recursos Humanos

**VOGAIS:** Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Deputación Provincial.

**SECRETARIO:** O da Corporación ou funcionario que o substitúa regulamentariamente.

Por cada membro do Tribunal nomearase un suplente.

A pertenza aos Órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de edictos da Deputación e na súa páxina web da Entidade, xunto coas datas da realización das probas. Esta publicación realizarase cunha antelación de 72 horas á iniciación das devanditas probas.

### **6.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.**

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

## **7.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE.**

### **7.1.- FASE DE OPOSICIÓN.**

Se fose necesario polo carácter urxente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción.

A fase de oposición consistirá nas seguintes probas:

#### **7.1.1.- PROBA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.**

Esta proba consistirá na contestación a un exercicio de carácter teórico sobre:

a) Coñecementos xerais relacionados coa Administración Pública en xeral e coa Administración Local en particular.

b) Coñecementos específicos en relación coa praza/posto/ emprego a desempeñar e/ou as funcións a realizar.

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no Anexo I.

Este exercicio terá carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre o programa antes sinalado.

Este exercicio poderá consistir:

a) Nun exame tipo test sobre os contidos do programa correspondentes ao apartado A) do temario referido a Materias Comúns e na exposición por escrito dun tema (ou parte do mesmo) dos contidos no temario correspondente ao apartado B) Materias Específicas, sorteado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio.

O Tribunal poderá solicitar ao aspirante que lea dito exercicio, así como formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar as aclaracións, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

b) Nun exercicio tipo test que abarque a totalidade do programa.

O Tribunal elaborará o exame tipo test tendo en conta o programa, establecendo o número de preguntas e o tempo para realizalo, e fixará os criterios de corrección do mesmo, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

### 7.1.2.- Proba práctica.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convocan e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

O Tribunal de selección poderá propoñer dous exercicios e os aspirantes elixiran libremente un deles.

O Tribunal poderá solicitar ao aspirante que lea o exercicio.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 10 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

### 7.1.3.- PROBA DE GALEGO

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece que nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, todo isto sen prexuízo daquelas probas que teñan que realizarse en galego para aquelas prazas/postos/empregos en que se requira un especial coñecemento da lingua galega.

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo entre dous textos propostos polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes ou Celga 3, curso de iniciación de galego ou estudos equivalentes segundo se determine no Anexo I das presentes bases.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

### 7.1.4.- ADAPTACIÓN DAS PROBAS NA COTA DE DISCAPACITADOS

Os aspirantes poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas.

## 7.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen todos os exercicios.

### 7.2.1.- BAREMO DE MÉRITOS.

#### A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos:

a) Desempeñar ou ter desempeñado o a praza/posto/emprego ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.

-No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0.084 puntos por mes.

-Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0.084 se este fose de grupo de titulación superior, 0.063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas:

-No caso que se desempeñe a mesma praza/ posto/emprego, valorarase a razón de 0.042 puntos por mes.

-Se a praza/posto/emprego se considera similar a puntuación será de 0.042 se este fose de grupo de titulación superior, 0.032 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.022 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

**B) Titulacións académicas.**

A puntuación máxima neste apartado será dun punto.

As titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria, sempre que o Tribunal considere que están relacionadas coas funcións da praza/posto/funcións á que se opta, valorarase a razón de 0,25 puntos se a titulación é do mesmo nivel e 0,50 puntos se a titulación é de nivel superior.

Se a titulación fose moi relevante para o desempeño do posto valorarase cun punto.

C) Cursos, estudos, xornadas relacionadas coas funcións da praza/posto/función á que se opta:

Valoraranse segundo a seguinte táboa e ata un máximo de 4 puntos.

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,005
Aproveitamento.	0,010
Impartir cursos.	0,020

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta.

As publicacións, proxectos, masters, etc. relacionados coas funcións do posto de traballo valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para a praza/posto/función.

**D) Idioma galego.**

A puntuación máxima neste apartado será dun punto.

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

- **Celga 3**, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,20 puntos.

- **Celga 4**, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 0,30 puntos.

- **Outros cursos.** En función do interese para o desempeño das funcións da praza/posto/función, duración e outros criterios obxectivos, o Tribunal poderá puntualos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, para acreditar o idioma galego, os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Neste apartado non se valorará como mérito o nivel de galego esixido no Anexo I das presentes bases para cada unha das prazas/postos/empregos convocadas.

**E) Idiomas comunitarios.**

A puntuación máxima neste apartado será dun punto.

O coñecemento de idiomas comunitarios valorarase, cando sexan relevantes para as funcións que vai desempeñar, do seguinte xeito:

-Por cursos das Escolas Oficiais de idiomas ata un máximo de 0,50 puntos, a razón de 0,10 por curso.

-Polo título de licenciado ata un máximo de 1 punto.

-Outros cursos valoraranse a xuízo do Tribunal.

**F) Superación de exercicios.**

Valorarase ata un máximo dun punto.

Ter superado exercicios para acceso con carácter definitivo ao mesma praza á que se opta en calquera Administración Pública, nos dous anos anteriores.

**7.2.2.- ENTREVISTA CURRICULAR.**

A entrevista valorarse ata un máximo de 3 puntos.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coa praza/posto/emprego á que se opta. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

## **8. - CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres no concurso-oposición, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, si se mantén, acudirse á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva.

## **9. - PROPOSTA DE SELECCIÓN.**

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/funcións convocados. A dita proposta publicarase no Taboleiro de Edictos da Excm. Deputación Provincial e na web da Entidade.

No suposto de que non se cubran as prazas/postos/empregos convocadas na cota de reserva de discapacitados, debido á necesidade urxente de cubrir as prazas/postos/empregos convocados, acudirse, se é o caso, á cota xeral.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para a súa incorporación nas listas reguladas segundo o establecido na Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2009, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación e no INLUDES, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 231, de 8 de outubro de 2009.

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran o nomeamento de aspirantes que o de prazas/postos/empregos convocados, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do nomeamento, da Toma de posesión ou contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos ou sinatura do contrato laboral.

A cobertura das prazas/postos/empregos convocados efectuarase de acordo coas peticións dos interesados, segundo a orden obtida no proceso selectivo.

## **10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os/As aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- f) No caso da cota de discapacitados, certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar e, de se lo caso, da Administración correspondente que acredite o grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Así mesmo, a Deputación Provincial, poderá requirir, respecto as persoas que acedan á cota de reserva de discapacitados, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade do desempeño das correspondentes funcións.

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que poderá ampliarse cando os/as seleccionados/as acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

**11.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.**

Á vista da proposta do Tribunal de e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas/postos/empregos que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral temporal ou nomeando funcionarios interinos aos/ás aspirantes propostos/as formalizando o correspondente contrato laboral ou toma de posesión.

**12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Convenio Colectivo Único para persoal laboral ou Acordo Marco Único para o persoal funcionario vixentes nesta Entidade e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

**13.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, e que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 18 de setembro de 2013.- O SECRETARIO.- José Antonio Mourelle Cillero.

**ANEXO I.-**

**1º.-Nº DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 9**

**2º.- DENOMINACIÓN: PEÓNS DE REPARACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS**

**3º.- ADSCRIPCIÓN: PARQUE MÓBIL PROVINCIAL**

**4º.- RELACIÓN XURÍDICA COA ENTIDADE: Funcionario Interino (Art. 10.1 apartado C), “a execución de programas de carácter temporal”.**

**5º.- DENOMINACIÓN DO PROGRAMA: Programa Piloto de Reparación e Asfaltado de Vías da Rede Provincial: 1ª fase.**

**6º.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO.**

Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións académicas previstas no sistema educativo en virtude da Disposición Adicional Sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

**7º.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO PARA NON REALIZAR A PROBA SINALADA NA BASE 8.3.:** Celga 3 ou equivalente.

**8º.- CONTIDO FUNCIONAL DOS EMPREGOS.**

**Función:** Efectuar tarefas auxiliares de reparación e mantemento das vías da rede provincial: estradas, pontes, túneles, ..., baixo a supervisión da/s persoas encargada/s da obra.

**Tarefas:**

- Cargar e transportar materiais para abastecer ás obras.
- Limpar a zona de actuación, retirar os escombros e desfeitos e depositalos nos contedores. Limpar a ferramenta e maquinaria da obra.
- Escavar e rechear fochancas e gabias. Estender capas de grava, formigón e outros materiais.
- Reparar camiños, beiravía, estradas, etc.
- Botar capas de asfalto, colocar tiras e franxas de asfalto protectoras e colocar mesturas de alcatrán nas vías provinciais.
- Cortar materias, perforar e compactar terra.
- Limpeza de neve e tratamentos antixeo.
- Sinalizar a obra.
- No suposto de ter que paralizar o tráfico para realizar os traballos de mantemento e/ou reparación, realizar tarefas de sinalista.

**9º.- PROGRAMA.**

**A) Materias xerais.**

1.- A Provincia como Entidade Local. Competencias. Organización provincial con especial referencia á Deputación Provincial de Lugo.

**B) Materias específicas.**

2.- Drenaxe. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes profundas: materiais e execución. Execución das obras en casos normais.

3.- Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.

4.- Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas.

5.- Operacións de conservación ordinarias: Descrición e tarefas. Atención de emerxencias. Vialidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.

6.- Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.

Pazo Provincial, 18 de setembro de 2013.- O SECRETARIO.- José Antonio Mourelle Cillero.

## ANEXO II

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****I.- DATOS DA PRAZA- POSTO OU FUNCIÓNS QUE SOLICITO**

DENOMINACIÓN:.....

ADSCRICIÓN:.....

RÉXIME XURÍDICO:.....

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:.....

**II. DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO :

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- Estar en posesión do título esixido no Anexo I das bases.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación das probas que se adxunta polos motivos que se expresan. ( En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a/as adaptación/s que se solicitan)

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de .....

( Asinado)

De conformidade coa Lei Órgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan na presente instancia, serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei dirixíndose á Unidade de Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, Rúa San Marcos nº 9 en Lugo.



<b>CURSOS DE APROVEITAMENTO</b>			
<u>Nº ORDE</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>HORAS</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>			

<b>IMPARTICIÓN DE CURSOS</b>			
<u>Nº ORDE</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>HORAS</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
1			
2			
3			
4			
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>			

<b>PUBLICACIONES, PROXECTOS, ETC</b>			
<u>Nº ORDE</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>		
1			
2			
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>			

<b>CURSOS DE INFORMÁTICA</b>				
<u>Nº ORDE</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>HORAS</u>		<u>PUNTUACIÓN</u>
		<u>Asistencia</u>	<u>Aproveitamento</u>	
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>				

<b>D) IDIOMA GALEGO ( Máximo 1 punto)</b>
<b>Puntuación:</b>

<b>E) IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto)</b>
<b>Puntuación:</b>

<b>F) SUPERACIÓN DE EJERCICIOS ( Máximo 1 punto)</b>
<b>Puntuación:</b>

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO